- Proceder á apertura das plantas e alas inoperativas de xeito permanente, dotándoas co persoal necesario para absorber as necesidades de ingresos hospitalarios.
- Recuperar as prazas amortizadas tanto en atención primaria como hospitalaria, negociando coas representantes sindicais a súa oferta pública.”

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2019 12:42:10**  
**Nº Rexistro: 45115**  
Data envío: 01/02/2019 12:42:10.394



Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea.  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 01/02/2019 12:37:46**

**Luis Villares Naveira na data 01/02/2019 12:37:55**

CSV REGISTRO-ReciLsaW-1  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 12.02.2019                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

3.2      45116(10/MOC-000126)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a defensa pola Xunta de Galicia, nos espazos políticos e institucionais e nos acordos que leve a cabo, dos dereitos humanos, da igualdade de mulleres e homes e do autogoberno. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 43058, publicada no BOPG nº 414, do 18.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea** por iniciativa do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a **Interpelación 43058 (10/INT-001425)** debatida na sesión plenaria do 29 de xaneiro de 2019, sobre a política do Goberno galego en materia de negociación de acordos con organizacións que cuestionan o autogoberno, os dereitos humanos e os principios fundamentais da convivencia.

### MOCIÓN:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Defender en todos os espazos políticos e institucionais a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e rexeitar pactos con formacións políticas que fomentan a confrontación social, cuestionan os principios fundamentais da convivencia e alentan as discriminacións e o odio ao diferente como forma de facer política.
2. Defender o dereito á igualdade entre mulleres e homes e recoñecer a necesidade de políticas de discriminación positiva e de loita contra as violencias machistas, rexeitando os pactos con forzas políticas negacionistas da existencia do patriarcado.
3. Defender autogoberno de Galicia, rexeitando os pactos con forzas políticas que piden a supresión da nosa Autonomía.”

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2019.







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2019 12:52:10**  
**Nº Registro: 45116**  
Data envío: 01/02/2019 12:52:10.236



Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 01/02/2019 12:51:38**

CSX, REGISTRO-aGAlpevNQ-4  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 12.02.2019**

**Hora: 10:00**

**Orde do día**

3.3 45124(10/MOC-000123)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 39868, publicada no BOPG nº 383, do 14.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/02/2019 13:36:07  
Nº Rexistro: 45124  
Data envío: 01/02/2019 13:36:07.968

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 29 de xaneiro de 2019, sobre a política do Goberno galego en materia de violencia de xénero (10/INT-001316, doc. núm. 39868)

### Moción

O Parlamento galego reafirma o seu compromiso coa igualdade e contra a violencia machista así como coa consecución inmediata dun Pacto galego contra a violencia machista, e insta a Xunta de Galicia a:

1. Impulsar decididamente as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, aprobado no Congreso e no Senado co obxectivo de combater o terrorismo machista, que ten o seu caldo de cultivo nunha cultura e educación profundamente antidemocrática e que parte da idea da superioridade do home sobre a muller.
2. Manifestar a súa repulsa a todas as manifestacións da devandita violencia, o seu compromiso coas vítimas e declarar tolerancia cero cos maltratadores.
3. Expresar o seu rexeitamento a calquera posicionamento político que propugne a eliminación ou minoración das medidas de protección das mulleres fronte á violencia machista, así como o drama social e as consecuencias que ten para as vítimas.
4. Neste senso, rexeitar a adopción de calquera tipo de acordo, explícito ou implícito, con formacións que expoñen a supresión ou redución das medidas de protección das mulleres, dando así cobertura a políticas irresponsables que levan un altísimo risco de agravar o problema.
5. No marco do reforzo das iniciativas para combater esta secuela, comprometerse a impulsar a aplicación da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero 1/2004 e a Lei 12/2016, do 22 de xullo, de modificación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a Prevención e o Tratamento Integral da Violencia de Xénero, en

CSM-REXISTRO-CLDAXOHV-5  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2019 13:36:07**  
**Nº Registro: 45124**  
Data envío: 01/02/2019 13:36:07.968

coordinación con todos os poderes públicos, tanto locais como autonómicos e estatais.

6. Constituír con presenza dos grupos parlamentarios, unha Comisión de Seguimento do Pacto de Estado e da súa aplicación en Galicia.
7. Garantir o cumprimento do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, coñecido como o Convenio de Estambul, en vigor dende o 1 de agosto de 2014.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Luisa Pierres López na data 01/02/2019 13:30:44**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2019 13:30:49**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 12.02.2019                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

3.4      45125(10/MOC-000124)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 35663, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada o día 29 de xaneiro de 2019, sobre a política do Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía (10/INT-001186, doc. núm. 35663)

### Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, con relación ao benestar dos animais de compañía, a:

1. Cumprir na súa totalidade a Lei de protección e benestar dos animais de compañía 4/2017, do 3 de outubro, e controlar escrupulosamente o seu cumprimento efectivo.
2. Acordar coa Fegamp, con relación ás obrigas que para os concellos establece a dita lei, que sexa a Xunta de Galicia a administración encargada de facer investimentos nas canceiras e as deputacións e os concellos de se facer cargo da súa xestión, facilitando así o cumprimento da lei.
3. Desenvolver regulamentariamente a dita lei antes de que remate o actual período de sesións abrindo, ao efecto, un procedemento participativo da sociedade e de todos os sectores implicados de cara a ese desenvolvemento.
4. Traballar en colaboración coa Oficina Internacional de Epizootías da OIE, na materia das enfermidades animais transmisibles aos seres humanos e adoptar as medidas de prevención necesarias para combatelas en Galicia.

Pazo do Parlamento, 1 de febreiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSM-REXISTRO-ePFI-jvrbh-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/02/2019 13:36:34**  
**Nº Registro: 45125**  
Data envío: 01/02/2019 13:36:34.100

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 01/02/2019 13:33:52**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/02/2019 13:33:57**

CSX REGISTRO-epFujwBh-9  
Verificación  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/cav/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 12.02.2019                    Hora: 10:00  
Orde do día

4.        Proposicións non de lei en Pleno



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 12.02.2019                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.1      25169(10/PNP-001794)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego do Servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

*Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018*



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

Segundo os datos do INE de 2016, Ourense lidera en Galicia a taxa de mortalidade por infarto de miocardio por cada 100.000 habitantes, cunha porcentaxe do 59,7. Ademais, esta cifra sitúa á provincia 27 puntos por riba da media estatal. Na actualidade o servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense soamente está dispoñible en horario de 8:00 a 15:00 horas de luns a venres, o que provoca centos de traslados ao complexo hospitalario de Vigo, o centro de referencia cando o servizo non está activo.

Nos infartos é fundamental unha atención inmediata e os traslados provocan o aumento do tempo de agarda e a redución das posibilidades de supervivencia. En Ourense, de media, tardan por exemplo 1 hora máis na apertura da arteria causante do infarto que en Santiago de Compostela, o que supón dende o punto de vista do grupo socialista unha vulneración dos principios de equidade e seguridade dos e das pacientes.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implantar, de maneira urxente, o servizo de hemodinámica 24 horas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, co fin de respectar os principios de equidade e seguridade dos e das pacientes.

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez  
Raúl Fernández Fernández  
Julio Torrado Quintela  
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2018 14:18:15**

**Raúl Fernández Fernández na data 05/02/2018 14:18:21**

**Julio Torrado Quintela na data 05/02/2018 14:18:26**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/02/2018 14:18:31**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 12.02.2019                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.2      41431(10/PNP-003132)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central relativa á defensa da inclusión da conexión Vigo-Oporto no Corredor Atlántico, dentro do proceso de reforma dos regulamentos UE 1315/2013 e 1316/2013 do Parlamento e do Consello Europeo

*Publicación da iniciativa, 397, 13.12.2018*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

Na actualidade estase en pleno proceso de reforma regulamentaria para redefinir a Redes Transeuropeas de Transporte definidas nos Regulamentos UE 1315/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte, e 1316/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 polo que se crea o Mecanismo “Conectar Europa”.

Entre estes corredores está o Corredor Atlántico do que ata agora estaba excluído totalmente Galiza.

No mes de xuño de 2018 a Comisión da Unión Europea aprobaba a proposta de integración de Galiza no Corredor Atlántico , o que significou, como tal proposta e aínda en trámite no Parlamento Europeo (a votación programada no Comité do Parlamento Europeo, prevista para o 25/10/2018), unha boa nova e a reparación parcial do sinsentido que era a exclusión total de Galiza da rede de corredores de mercadorías europea.

Posteriormente o Parlamento galego, a iniciativa do Grupo Parlamentar de En Marea, aprobaba unha Proposición non de lei na que se instaba á inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico, por ser unha conexión fundamental





para Galiza que atopa na unión co norte de Portugal un dos piares do seu futuro a nivel económico.

Máis tarde a Comisión de Transportes do Parlamento europeo , no día de 22 de novembro, aprobou a inclusión de varias conexións, entre elas a Vigo-Porto no Corredor Atlántico ou a Madrid-Valencia-Sagunto-Teruel-Zaragoza no Corredor Mediterráneo.

Sorprendentemente, na xuntanza do Consello da Unión Europea de 3 de decembro, non se incluíu na proposta debatida a conexión Vigo-Porto e si en cambio a Madrid-Valencia-Sagunto-Teruel-Zaragoza.

Descoñecemos a razón pola que o goberno español non incluíu dita conexión na proposta a debate, pero consideramos que é unha decisión que supón un trato desigual e inxusto con Galiza, á que se aparta da posibilidade de acceder en mellores condicións ao financiamento de actuacións de modernización e mellora da competitividade das conexións ferroviarias de mercadorías.

O procedemento de reforma regulamentaria dentro das institucións europeas non está rematado e estase a tempo de reparar esta situación.

Por todo o exposto o grupo parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que inste ao Goberno español á defensa da inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico dentro do proceso de reforma regulamentaria dos Regulamentos UE 1315/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 sobre as orientacións da Unión para o desenvolvemento da Rede Transeuropea de Transporte, e 1316/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2013 polo que se crea o Mecanismo “Conectar Europa”.



CSX: REXISTRO-MIENB8EJ-7

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/12/2018 13:52:49**  
**Nº Registro: 41431**  
Data envío: 05/12/2018 13:52:49.467



Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2018.

Asdo.: Antón Sanchez García

Marcos Cal Ogando

Voceiro e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 05/12/2018 13:51:08**

**Marcos Cal Ogando na data 05/12/2018 13:51:16**

CSX REGISTRO-MIEN8EJ-7  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 12.02.2019                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.3      41484(10/PNP-003140)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de  
vivenda para a emancipación xuvenil

*Publicación da iniciativa, 397, 13.12.2018*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/12/2018 17:43:05  
Nº Rexistro: 41484  
Data envío: 05/12/2018 17:43:05.821

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos

A mocidade galega, de entre 16 e 35 anos, ten atopado na vivenda unha das súas principais batallas.

A emancipación en solitario, cunha única fonte de ingresos, é pouco probable por debaixo dos 30 anos. Tan só o 19 por cento o conseguiu a finais de 2017 (a primeiros do 2013 eran o 21,9 por cento), segundo os últimos datos do Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España (CJE). Eurostat o ratifica: a idade media á que se abandona a casa familiar (29,3 anos) é a sexta máis alta en Europa.

Isto é así porque a porcentaxe de ingresos que os menores de 30 anos deben destinar para acceder a unha vivenda supera o 30 por cento recomendable. No caso das persoas asalariadas en solitario é sanguento: o aluguer cómese un 88,8 por cento dos seus ingresos e a compra un 61 por cento.

O actual Plan de vivenda 2018-2021 prevé dous tipos de axudas, tanto para o aluguer como para a compra de menores de 35 anos. Nun caso a axuda ascende a un máximo de 10.800 € para a compra de vivenda, ou axudas de ata o 50 por cento da renda para o alugueiro.

Este tipo de axudas, que no caso de compra, está restrinxida a vivendas en concellos con menos de 5.000 habitantes, non chegan a todos ou todas as mozas e non teñen en conta que estes residen e queren residir onde existen os mellores servicios, comunicacións e oportunidades de traballo, algo que dificilmente acontece no rural galego.

A incapacidade económica tanto para alugar ou comprar vivenda nas grandes vilas galegas, é especialmente complicada para todos e todas as mozas. A finais do primeiro semestre de 2017 se constataba que, para alugar, unha persoa moza

CSM-REXISTRO-5mAVndMCO-6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/12/2018 17:43:05  
Nº Rexistro: 41484  
Data envío: 05/12/2018 17:43:05.821

debería dedicar o 85 por cento do seu salario para poder emanciparse. Algo que é totalmente inasumible e ao que contribúe, entre outras cuestións, ó empobrecemento deste sector da poboación, así como ó retraso na súa independencia, paternidade, maternidade, e polo tanto ó avellentamento da poboación.

Dentro da Consellería de Política Social e do programa Emancipación Xuvenil, o que pretende ser unha axuda para dirixir ós e ás mozas no seu proceso de emancipación, tense reducido dende case ano e medio, a unha simple pantalla na que a única ligazón vixente en materia de vivenda fai referencia ó Plan de vivenda estatal 2018-2021.

A realidade é que non parece ter moito sentido que un Plan específico da Xunta de Galicia se reduza a ser a simple antesala doutro plan estatal, sen aportar as especificidades da nosa comunidade no proceso de busca de vivenda.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é preciso dirixir dun mellor modo a posibilidade de emancipación dos e das mozas galegas, e asegurando especialmente o seu acceso á vivenda, explorando todas as posibilidades que permitan adaptarse as necesidades deste colectivo, desde a súa etapa de formación. Só a información ben recibida pode facilitar o coñecemento real dos dereitos e con elo a capacidade de exercelos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha un Plan de vivenda para a emancipación xuvenil que inclúa, como mínimo, as seguintes medidas:

1. Redacción dunha guía de vivenda e emancipación xuvenil, que sirva para orientar ós e ás mozas galegas na súa busca de vivenda e que facilite unha emancipación e independencia real, informando sobre as diferentes opcións de acceso á vivenda, fórmulas contractuais, vantaxes fiscais, axudas, subvencións e modos de participación social.
2. Crear dentro das competencias do Instituto Galego de Vivenda e Solo un servizo de emancipación xuvenil que xestione unha bolsa de alugueiro para mozos e mozas, e que actúe no proceso:
  - Valorando as características das vivendas.
  - Poñendo en contacto ás partes.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 05/12/2018 17:43:05  
Nº Rexistro: 41484  
Data envío: 05/12/2018 17:43:05.821

- Tramitando a documentación necesaria.
  - Mediando entre as partes ante posibles incidencias.
  - Reservando vivendas competentes para mozos e mozas con diversidade funcional.
  - Favorecendo que conte cunha partida económica específica que teña como finalidade servir de fianza a mozos e mozas con escasos recursos económicos nos contratos de arrendamento de vivendas.
3. Promover experiencias de vivendas en alugueiro orientadas ós e ás mozos mediante un sistema de rotación, segundo necesidades individuais, ó modo das experiencias das *foyers* implantadas en Francia , Reino Unido ou en cidades como Barcelona, co exemplo das *vilas joves*.
  4. Promover programas de aloxamento temporal de vivendas públicas para mozos traballadores e traballadoras e estudantes desprazados e desprazadas (estudantes, traballadores e traballadoras itinerantes, inmigrantes, persoas desprazadas, temporeiros e temporeiras...).
  5. Fomento da convivencia interxeneracional como modo alternativo de acceso á vivenda.
  6. Aumentar no IRPF a dedución autonómica do 10 por cento por aluguer de vivenda habitual para aquelas persoas mozas arrendatarias, con menores niveis de ingresos.

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López  
Noela Blanco Rodríguez  
Julio Torrado Quintela  
Luís Manuel Álvarez Martínez  
Patricia Vilán Lorenzo

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/12/2018 17:43:05**  
**Nº Registro: 41484**  
Data envío: 05/12/2018 17:43:05.821

**María Luisa Pierres López na data 05/12/2018 17:38:53**


**Noela Blanco Rodríguez na data 05/12/2018 17:39:00**

**Julio Torrado Quintela na data 05/12/2018 17:39:05**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2018 17:39:10**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2018 17:39:14**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/12/2018 17:39:18**



CSV REGISTRO-5mAVndfMO-6

Verificar

<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 12.02.2019                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.4      42795(10/PNP-003210)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia destinadas a levar a cabo a xestión directa do Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

*Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**.

### Exposición de motivos:

O contrato de concesión respecto ao Servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia leva dende que se sacou a concurso en cuestión. O modelo mercantilista polo que aposta a Xunta de Galicia ante un servizo básico como é o das ambulancias, provoca que non se preste coa calidade que precisa, tal e como levamos comprobando todo este tempo e como xa se ten denunciado en diferentes ocasións.

Durante as primeiras fases do procedemento, algunhas pequenas empresas de ambulancia xa advertían das consecuencias da baixa nas condicións económicas ao non ver factible poder prestar un servizo de calidade con eses prezos.

A primeira noticia de incumprimento chegou da man dos recortes para as condicións laborais do persoal do servizo, cando un ano despois da adxudicación do mesmo, a Federación Galega de Empresarios de Ambulancias, solicitaba non aplicar o Convenio Colectivo por unha suposta capacidade económica para mantelo.

En medio do empeoramento das condicións laborais das traballadoras e traballadores, a adxudicación en si mesma era levada ao xulgado por suposta prevaricación, provocando que co inicio deste investigación, a policía xudicial solicitase informes periciais que desvelaban que as ambulancias non cumprían





coa normativa vixente en materia de seguridade, en cuestións como o exceso de pesou ou a falta de rodas de reposto.

Non faltos de problemas no servizo, antes de rematar o ano a propia Federación Galega de Empresarios de Ambulancias ven de solicitarse á Fundación do 061 a resolución do contrato.

Todos estes feitos, amosan o fracaso no mantemento dun modelo xestión que prima criterios económicos fronte a condicións laborais dignas e servizo de calidade.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar os estudos e xestións necesarias para levar a cabo a xestión directa do servizo.

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández  
Deputada do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 09/01/2019 11:47:17**

**Luis Villares Naveira na data 09/01/2019 11:47:27**



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 12.02.2019                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.5      43939(10/PNP-003268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en  
relación co investimento para Galicia

*Publicación da iniciativa, 417, 23.01.2019*

*Publicación correccións, 423, 31.01.2019*





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2019 12:40:55  
**Nº Rexistro: 43939**  
Data envío: 17/01/2019 12:40:55.923

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vén de coñecerse o proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2019, uns orzamentos que constitúen unha auténtica labazada para Galiza, que confirman que o cambio de goberno no Estado español non supuxo cambio nas políticas con respecto ao noso país e que deben ser contestados con coherencia, firmeza e unidade desde Galiza e a súa representación política, pois de mantérense van ser un atranco para o desenvolvemento económico de Galiza e a cohesión social.

No proxecto para 2019 o agravio ao noso país mantense continuando a liña de grandes recortes de Mariano Rajoy. É inaceptábel para Galiza unha redución de investimento en deste calibre, máis aínda nun momento en que a precariedade social e laboral, a emigración xuvenil ou o posíbel peche de empresas de relevancia caracterizan a realidade socioeconómica que padecemos.

O investimento territorializado en Galiza sofre no 2019 un forte retroceso con respecto ao 2018, xa que se sitúa en 757,1 millóns de euros, isto é, 180 millóns de euros menos que o orzamentado para o ano 2018, polo que o investimento en Galiza redúcese nun 19,2%. Deste xeito, a porcentaxe de investimento en Galiza sobre o conxunto estatal tamén diminúe fortemente, xa que pasa de representar o 9,2% do total no 2018 a

1

CSM-REXISTRO-NAGLWUR-5  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2019 12:40:55**  
**Nº Registro: 43939**  
Data envío: 17/01/2019 12:40:55.923

representar o 6,2%. Así, o peso do investimento territorializado en Galiza sobre o conxunto estatal redúcese en 3 puntos porcentuais, isto é, nun 32,6% con respecto ao ano 2018. O contraste dos datos con respecto a outras comunidades (Valencia, Cataluña, Andalucía) é simplemente insultante para a sociedade galega.

Alén destas cuestións, cómpre ter en conta que chove sobre mollado, xa que nos últimos anos o investimento territorializado para Galiza experimentou continuos descenso. O orzamento para Galiza no 2017 foi de 924,64 millóns de euros, que foron 442,65 millóns de euros menos que en 2016, unha redución do 32,4%, é dicir, reduciuse nun terzo nun só ano, e para o 2018 o incremento experimentado foi do 1,2%, o mesmo que o IPC do pasado ano, polo que supuxo unha conxelación en termos reais.

Máis aínda, cabe sinalar que dende o ano 2004 o investimento en Galiza so foi inferior aos mil millóns de euros nos últimos tres (2017, 2018 e proxecto para 2019). Ademais, o ano con maior orzamento (2009) a contía orzamentada triplicou á consignada neste proxecto (2116 millóns fronte a 757).

Este panorama é inaceptable e repercute en que os orzamentos teñan grandes ausencias e que a planificación de moitos proxectos comprometidos desde hai anos, nomeadamente infraestruturas, dificilmente vaia ser unha realidade no exercicio.

Galiza é un país cunha enorme potencialidade que ten sido lastrado pola falta de poder político e dun financiamento inxusto, ao que agora se suma un proxecto que coarta aínda máis a capacidade de acción e impulso nun momento de desaceleración económica e no que os indicadores de benestar nin sequera acadaron os niveis previos á irrupción da anterior recesión económica e sofren o impacto dunha década de recortes e políticas servís do goberno do Partido Popular de Feijóo.

Por iso, a sociedade galega precisa que se active politicamente canto antes o debate e o traballo ao redor dunha axenda galega de grandes temas. Necesitamos ter

2

CSV: REGISTRO-YMABLWURa-5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2019 12:40:55**  
**Nº Rexistro: 43939**  
Data envío: 17/01/2019 12:40:55.923

como país a intelixencia e a capacidade necesaria para centrarmos as prioridades de traballo político ao redor dos problemas principais da nosa realidade socioeconómica, que determinan a vida cotiá dos galegos e galegas. Galiza precisa unha resposta á altura das circunstancias históricas e por iso desde o BNG vimos demandando, e non desistimos de facelo, grandes acordos de país na defensa dos intereses da sociedade galega.

Para que Galiza saia da irrelevancia política actual e as demandas da nosa sociedade pasen a estar na axenda política é fundamental sumar forzas, reforzar un espazo político propio, coas ideas claras e o centro de decisión na propia sociedade galega.

Por todos estes motivos, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento acorda como resolución:

1. Manifestar o seu rotundo desacordo co Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2019 por constituír unha discriminación a Galiza e un trato inxusto para as galegas e os galegos, dando continuidade ao agravio do anterior executivo presidido por Mariano Rajoy.

2. Solicitar aos e ás representantes elixidas por circunscricións galegas que formulen emenda á totalidade a este proxecto de orzamentos e establezan unha negociación co goberno do estado que incorpore, como mínimo, unha inversión similar ás inversións de 2009 e coas seguintes prioridades:

1. Rescate da AP-9 e compromiso para acabar coa fin da estafa das peaxes.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2019 12:40:55**  
**Nº Registro: 43939**  
Data envío: 17/01/2019 12:40:55.923

2. Derrogar a prórroga de ENCE e fixar un calendario para o traslado desta empresa da ría de Pontevedra.

3. Proceder á devolución do Pazo de Meirás e do conxunto de bens incautados polo franquismo en Galiza.

4. Pagamento da débeda do Estado con Galiza en materia de dependencia (186 millóns de euros).

5. Compromiso para activar unha Tarifa eléctrica galega que rebaixe a factura da luz particulares e empresas, como elemento compensatorio polos impactos no territorio e no medio ambiente e permita que a produción de electricidade teña un retorno social.

6. Desenvolvemento dun plan de investimentos básicos no mapa ferroviario galego, con dotacións, que:

- a. garantan os prazos de chegada do AVE a Galiza con dobre vía e as máximas medidas de seguridade,
- b. finalice o trazado do eixo atlántico (nomeadamente A Coruña- Ferrol; saída sur de Vigo para conexión coa alta velocidade portuguesa)
- c. electrificación da liña A Coruña-Lugo-Monforte,
- d. investimentos e melloras da liña de Fefe Ferrol-Ribadeo,
- e. impulse en todo o territorio galego o tren de proximidade,
- f. incorpore as adaptacións necesarias para facilitar o transporte de mercadorías,

CSV REGISTRO YNABE WURa-5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2019 12:40:55**  
**Nº Registro: 43939**  
Data envío: 17/01/2019 12:40:55.923

g. impulse decididamente as conexións ferroviarias para os portos de interese xeral do Estado en Galiza, priorizando as conexións de Vigo e dos portos exteriores de Ferrol e Coruña.

7. Axilización de autovías que levan anos de atraso, como é o caso de Santiago-Lugo e Lugo-Ourense, A-57 -circunvalación de Pontevedra- e plan de investimentos extraordinario para acabar coa elevada sinistralidade viaria que teñen as estradas dependentes do Estado en Galiza.

8. Plan de saneamento e rexeneración das rías galegas e do litoral, así como o financiamento necesario para a construción da nova EDAR de Santiago de Compostela.

9. Plan de saneamento e recuperación dos ríos galegos de xestión estatal a través das Confederacións Hidrográfica do Miño-Sil e do Douro para a reparación dos graves problemas ambientais dos ríos do sur.

10. Asunción do custe total das obras do porto exterior de Punta Langosteira.

11. Modificar os criterios de financiamento dos concellos galegos, acabando coa discriminación de cobrar 50 euros menos de financiamento por habitante.

12. Transferencia de competencias pendentes como as de tráfico, portos de interese xeral do estado, aeroportos, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, inspección de traballo, e competencias en materia de lexislación laboral e normativa que permita a creación dun marco galego de relacións laborais.

CSX: REGISTRO-YNABE1WURa-5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2019 12:40:55**  
**Nº Registro: 43939**  
Data envío: 17/01/2019 12:40:55.923

13. Financiamento dun plan de retorno para a emigración que facilite o regreso a Galiza das persoas que tiveron que emigrar ao longo dos últimos anos pola falta de oportunidades.”

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2019 12:39:41**

**María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2019 12:39:46**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2019 12:39:48**

**Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2019 12:39:49**

CSX: REXISTRO-YMABLWURa-5  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
ep-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO  
DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/01/2019 12:40:55**  
**Nº Registro: 43939**  
Data envío: 17/01/2019 12:40:55.923

**Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2019 12:39:50**

**Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2019 12:39:52**

CSX: REGISTRO-YNAbLWURa-5  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 12.02.2019                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.6      44345(10/PNP-003308)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e 19 máis

Sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto ao  
Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019

*Publicación da iniciativa, 423, 31.01.2019*

A Mesa admitea a trámite coa substitución no punto 2 da parte  
resolutoria da expresión "2. Dirixirse ..." por " 2. Solicitar da  
Xunta de Galicia que se dirixa ...".



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Miguel Tellado Filgueira, Martín Fernández Prado, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Teresa Egerique Mosquera, Alberto Pazos Couñago, Beatriz Mato Otero, José Manuel Rey Varela, María Antón Vilasánchez, Cristina Romero Fernández, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Daniel Vega Pérez, Moisés Rodríguez Pérez, Encarna Amigo Díaz e Paula Prado del Río**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos:

O 14 de xaneiro deste ano, o Goberno de España presentou -fóra de prazo- un proxecto de lei de Presupostos Xerais do Estado indiscutiblemente discriminatorio para Galicia, co único obxectivo de continuar na Moncloa.

En primeiro lugar, son unhas contas irreais e ficticias. Medra o gasto sen ingresos reais que o soporten. Así, por exemplo, prevén recadar 20.000 millóns máis en impostos pese ao menor crecemento económico. Dentro desta suba masiva de impostos destaca o imposto ao diésel, cun grave efecto sobre un millón de condutores en Galicia. O mesmo se pode dicir da Seguridade Social, xa que o incremento das cotizacións sociais (está previsto que aumenten un 7,5%) afectará aos autónomos e aos traballadores por conta allea, repercutindo na creación de emprego.

E, se isto non fose suficiente, penalizan a nosa Comunidade Autónoma. En comparación co pasado ano, Galicia ve reducidos os fondos para investimentos nun -18%, ata quedarse en 757 millóns, o que supón a práctica paralización de proxectos comprometidos e estratéxicos para a nosa comunidade autónoma. Mais esta redución non é debida, como aconteceu durante a crise, a un axuste xeneralizado do gasto e dos investimentos públicos. Todo o contrario, os fondos para Galicia baixan no contexto duns presupostos de expansión desorbitada do gasto e nos que, pola contra, outras comunidades ven incrementado dun xeito significativo o importe global dos seus investimentos, así en Cataluña medra nun +67% ou na Comunidade Valenciana nun +61%

